Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O demo na Rabadeira

Na Rabadeira, en Seavia, concello de Coristanco (A Coruña), polas festas de Santa Ana que se fan coincidindo coa Ascensión, algúns romeiros levan como ofrenda leite muxido do día e uns lazos de cinta para pedirlle á santa unha boa hora no parto; cos lazos tocan os peitos das mulleres e os ubres dos animais para propiciar un bo aleitamento dos fillos que lles nazan.

Este mesmo día, se hai néboa nos montes, pode verse un carro tirado por dous bois e guiado por un demo paseando os cumios dos arredores.

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. e REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos [Demos], Xerais, Vigo, 1999.

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. Mª., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997, pp.184-185.

OTERO CEBRAL, X. L., O carro en Galicia, Serv. de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1994.